

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
9. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. O cociente entre a probabilidade dunha proba positiva en presenza da enfermidade, e a probabilidade dunha proba positiva en ausencia da enfermidade corresponde a:

- A) Valor global ou eficiencia da proba
- B) Razón de Verosimilitude Negativa
- C) Razón de Verosimilitude Positiva
- D) Valor Preditivo Positivo

2. Ao calcular o coeficiente de correlación entre dúas variables atopamos un valor de 2,78. Que poderíamos concluir?:

- A) Hai unha forte asociación positiva
- B) Faltan datos para estudar a súa significación
- C) Trátase dun valor erróneo
- D) É unha regresión con asociación moi positiva

3. Das seguintes recomendacións para viaxeiros a zonas con presenza de virus Zika, cal NON é correcta?

- A) Para evitar as picaduras de mosquitos en nenos menores de dous meses empregar sempre barreiras físicas como mosquiteiros para cubrir os berces e os carriños dos bebés, e evitar o uso de repelentes
- B) Os adultos e nenos maiores de dous meses, para evitar as picaduras de mosquitos, utilizarán insecticidas con permetrina aplicándoos directamente sobre a pel
- C) É aconsellable pasar a noite en aloxamentos con aire acondicionado. Se o aloxamento non está adecuadamente climatizado utilizar mosquiteiros en bo estado
- D) As mulleres embarazadas ou que están tratando de quedarse embarazadas e que planean viaxar ás zonas afectadas, é aconsellable que pospoñan as súas viaxes se non son esenciais

4. Cal dos seguintes cálculos podemos dicir que é máis eficiente para describir a mediana?:

- A) P_{25} (Percentil 25)
- B) Amplitude
- C) Rango intercuartílico
- D) P_{75} (Percentil 75)

5. Paciente que tras regresar dunha viaxe internacional ingresa no hospital por Malaria, que tipo de precaucións de illamento aplicaranse?

- A) Precaucións de transmisión por contacto
- B) Precaucións de transmisión por gotas
- C) Precaucións de transmisión aérea
- D) Non require precaucións especiais

6. Paciente que fai dous días inicia un cadro de vómitos e dor abdominal, desde onte visión borrosa e diplopía. Non tivo febre. Na exploración destaca sequidade da mucosa oral e midríase con ausencia de reflexos pupilares. Refire que hai tres días comeu unha conserva casera de vexetais que tiña almacenada na casa. Cal das seguintes causas de enfermidades de transmisión alimentaria sospeitaría?

- A) Staphylococcus Aureus
- B) Clostridium Botulinum
- C) Salmonella Typhi
- D) Bacillus Cereus

7. Un desinfectante de nivel intermedio, NON é eficaz fronte a:

- A) Formas vexetativas bacterianas
- B) A maioría de virus e fungos
- C) Esporas bacterianas
- D) Mycobacterium tuberculosis

8. A pauta recomendada da vacina fronte ao virus do papiloma humano (VPH) nunha muller adulta é:

- A) Debe recibir 1 dose de vacina fronte ao VPH
- B) Debe recibir 2 doses de vacina fronte ao VPH (0-6 meses)
- C) Debe recibir 3 doses de vacina fronte ao VPH (0-1-6 meses)
- D) Non se recomenda nunca a vacinación fronte VPH en maiores de 14 anos

9. Para a análise dos estudos de cohortes baseados en tempo-persoa, sinale a resposta FALSA:

- A) O tamaño da mostra que se require é relativamente grande
- B) A escala temporal pode ser única ou múltiple
- C) O tipo da medida de incidencia a aplicar é a probabilidade (condicional ou acumulada)
- D) Na análise multifactorial aplicarase a regresión de Poisson

10. Na vixilancia do estado de portador de bacterias multirresistentes, das seguintes mostras clínicas, cal ten máis utilidade para detectar posibles portadores de Staphylococcus Aureus Meticilin Resistente?

- A) Frotis rectal
- B) Frotis nasal
- C) Urina
- D) Frotis perineal

11. Cales das seguintes NON é unha característica estrutural do quirófano (local onde se realiza a intervención cirúrxica)?

- A) A superficie útil mínima de cada quirófano será de 20 metros cadrados, cunha altura libre (chan-falso teito) mínima de 2,5 metros e cunhas dimensións que permitirán trazar un círculo de 5 metros de diámetro ao redor da mesa do quirófano
- B) As paredes e teitos serán de materiais duros, non porosos, impermeables, lavables e ignífugos, sen gretas, contínuos e sen brillos. Non haberá rieles nin elementos susceptibles de acumular sucidade e os elementos de parede serán encaixados
- C) Utilizaranse, preferentemente, brazos articulados móbiles para anestesia e cirurxía. Ancoraxes para lámpada e outros equipos, mediante placas en forxado superior
- D) O chan será antielectrostático, condutivo e estará conectado a terra

12. Na insuficiencia renal crónica avanzada, cal das seguintes vacinacións non está especificamente recomendada pola devandita situación?

- A) Vacina de hepatite B
- B) Vacina antigripal
- C) Vacina antimeningocócica C
- D) Vacina antipneumocócica conxugada

13. No contraste de hipótese no estudo de brotes de toxiinfección alimentaria, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) Os brotes de toxiinfección alimentaria adoitan investigarse de forma inmediata ou moi próxima á súa presentación mediante un deseño de casos e controis
- B) Se a toxiinfección se estuda con posterioridade á súa presentación, por exemplo ao cabo duns meses ou máis tardiamente, o deseño de elección será o de cohortes retrospectivo
- C) Unha vez obtidos os datos do estudo, na investigación dun brote epidémico mediante un deseño de cohortes, debe calcularse a taxa de ataque que corresponde a cada exposición
- D) Todas as respostas son correctas

14. Sinale a resposta correcta con respecto á vacina fronte ao dengue:

- A) Existe unha vacina rexistrada en áreas endémicas de dengue
- B) Está indicada para viaxeiros a países con endemia de dengue
- C) Está indicada para nenos menores de 3 anos
- D) A pauta vacinal son 2 doses, administradas cun intervalo de 6 meses

15. Entre as intervencións para previr as infeccións relacionadas con catéteres intravasculares atópanse:

- A) Limpeza da pel cunha preparación de clorhexidina maior de 0,5% con alcol antes da inserción dun catéter venoso central ou un catéter arterial periférico e durante os cambios do apósito
- B) Utilizar preferentemente a vía femoral para o acceso venoso central en pacientes adultos
- C) Utilizar catéteres venosos centrais impregnados en clorhexidina/sulfadiazina de prata ou minociclina/rifampicina en pacientes nos que está previsto manter o catéter máis de cinco días se, despois de implantar unha estratexia global para reducir as infeccións relacionadas con catéter, as taxas non diminúen por baixo de 3,3 por mil días de catéter
- D) As respostas A e C son correctas

16. Nos pacientes con enfermidade inflamatoria intestinal e con tratamento inmunosupresor, a Sociedade Española de Medicina Preventiva, Saúde Pública e Hixiene (SEMPSPH) recomenda realizar, previamente á vacinación, o reconto de anticorpos fronte a:

- A) Hepatite B
- B) Hepatite A
- C) Varicela
- D) Todas as respostas son correctas

17. Nun estudo sobre poboación exposta e non exposta a radiacións ionizantes que se realizou nos centros hospitalarios de Galicia, observouse que hai maior risco de leucemia entre os non expostos que entre os expostos, en contra dos estudos publicados. Observamos que no grupo dos non expostos atopábanse máis pacientes con patoloxía autoimune. A que poden ser debidos os resultados do noso estudo?

- A) Nesgo de selección, os grupos non son comparables
- B) Débense a que non se valorou o tabaco como factor de confusión
- C) A e B son certas
- D) Débese a un nesgo de supervivencia selectiva

18. Cal dos seguintes mecanismos de transmisión de enfermidades é indirecto?

- A) Mordedura dun animal infecto
- B) Auga contaminada
- C) Transplacentaria
- D) Transmisión sexual

19. Muller de 20 anos, non vacinada con BCG, que acode a consulta por convivir cunha persoa diagnosticada recentemente de tuberculose pulmonar bacilífera. Cal é o punto de corte para considerar positiva a proba da tuberculina?

- A) A partir dunha induración de 5 mm
- B) A partir dunha induración de 10 mm
- C) A partir dunha induración de 15 mm
- D) Cando a induración é dolorosa

20. Un neno con infección polo VIH debe recibir a vacina fronte á varicela?

- A) Non debe recibir ningunha vacina con virus vivos atenuados, por estar inmunodeprimido
- B) Dado que a súa inmunidade está alterada, non pode producir anticorpos e a vacina non sería efectiva
- C) Pode recibir a vacina se está asintomático, cunha porcentaxe de CD4 superior ao 15% do valor normal para a súa idade
- D) A vacina da varicela e a tripla vírica, polas súas características, nunca deben ser administradas nos nenos con VIH

21. O hábitat natural onde o microorganismo vive e multiplícase en condicións normais, denomínase:

- A) Fonte de infección
- B) Vector
- C) Reservorio
- D) Vía de transmisión

22. Que tipo de estudo, entre os seguintes, realizaría para determinar si a hepatite C é un factor de risco da cirrose hepática e interacciona co alcohol?:

- A) Estudo cuasi-experimental
- B) Estudo de casos e controis
- C) Ensaio experimental
- D) Estudo ecolóxico

23. Cal das seguintes é FALSA sobre o sistema de vixilancia da infección nosocomial segundo o Plan de Minimización de Riscos Microbiolóxicos no Medio Hospitalario en Galicia?

- A) Recoméndase, baseado en estudos custo–efectividade, a implantación dun sistema de vixilancia global, moi sensible
- B) O sistema de vixilancia debe permitir ao hospital detectar os brotes de forma inmediata
- C) A utilización de criterios diagnósticos de infección nosocomial consensuados diminúe a variabilidade e mellora a comparabilidade
- D) O método de vixilancia debe axustarse ás necesidades e recursos dispoñibles e para que sexa realmente efectivo ten que estar integrado nun programa de prevención e control da infección

24. Cal das seguintes é FALSA en relación ao Sistema de Vixilancia da Infección Nosocomial de Galicia?

- A) Recoméndase que todos os hospitais realicen un estudo de prevalencia anual
- B) Os procesos instrumentais constitúen por si mesmos factores de risco de infección nosocomial de notable intensidade
- C) Os estudos de prevalencia son máis eficaces que os estudos de incidencia, dado que permiten monitorar mellor o proceso e son máis sensibles
- D) Nos hospitais con maior complexidade, recoméndase realizar unha vixilancia continuada nos servizos ou áreas con niveis endémicos elevados e obter indicadores selectivos para procesos instrumentais e intervencións de maior risco

25. Nun estudo os investigadores reclutaron voluntarios dunha das zonas endémicas de bocio de Galicia e determinaron os niveis séricos das hormonas tiroideas (T4 e TSH) e o aumento da glándula tiroides, así parámetros sobre hábitos da alimentación. Presentouse a asociación do nivel de hormonas tiroideas en plasma co tamaño da glándula tiroides e coa inxesta de distintos alimentos. A que deseño corresponde este estudo epidemiolóxico?:

- A) Estudo transversal
- B) Estudo de cohortes
- C) Estudo de casos e controis
- D) Ensaio clínico aleatorizado

26. Cal, das seguintes respostas sobre a fricción de mans con preparados de base alcohólica e o lavado de mans con auga e xabón, é CERTA?

- A) A fricción é máis rápida que o lavado de mans
- B) A fricción causa máis sequidade da pel que o lavado de mans
- C) A fricción é menos eficaz contra os xermes que o lavado de mans
- D) Recoméndase realizar o lavado e a fricción de mans de forma secuencial

27. Cal é a pauta da vacina de varicela para adultos sans susceptibles?

- A) Unha dose única
- B) Dúas doses separada como mínimo 4 semanas
- C) Tres doses con pauta: 0, 1 e 6 meses
- D) A vacina da varicela non está recomendada en adultos

28. Un antiséptico é:

- A) Unha sustancia química que se aplica sobre material inerte e destrúe os microorganismos
- B) Un produto que se aplica sobre tecidos vivos para destruír, inhibir ou reducir o número de microorganismos patóxenos sen afectar sensiblemente aos tecidos
- C) Unha sustancia química de poder surfactante con capacidade para emulsionar aceites e arrastrar a sucidade adherida á superficie dos obxectos inanimados ou aos tecidos vivos
- D) Un proceso mecánico a través do cal elimínase por arrastre a sucidade visible e a materia orgánica ou inorgánica adherida a unha superficie ou obxecto

29. En canto á composición da Comisión de Infección Hospitalaria e Política Antibiótica dos hospitais de Galicia cal das seguintes especialidades NON se considera básica, de representación ineludible?

- A) Cirurxía
- B) Medicina Intensiva e/o Anestesia
- C) Traumatoloxía
- D) Medicina Interna e/o Infecciosas

30. Segundo o documento "Recomendacións para a Verificación da Bioseguridad Ambiental (BSA) respecto de Fungos Oportunistas" da Sociedad Española de Medicina Preventiva, Salud Pública e Higiene (SEMPSPH), cal das seguintes é FALSA para as áreas de hospitalización onde se atende a pacientes de alto risco?

- A) Temperatura de 18–26° C
- B) Humidade relativa do 40–60%
- C) Necesítanse un mínimo de 15–20 de renovacións de aire/hora
- D) Aire filtrado: prefiltro, filtro de alta eficacia (90%) e filtro absoluto (HEPA) en posición terminal

31. O obxectivo do Programa Galego de Control de Tuberculose en 2020 é:

- A) Reducir a incidencia global de tuberculose a 16 casos por 100 000 habitantes
- B) Reducir a incidencia de tuberculose pulmonar a 16 casos por 100 000 habitantes
- C) Reducir a incidencia de tuberculose bacilífera a 16 casos por 100 000 habitantes
- D) Reducir a incidencia de tuberculose en menores de 5 anos a 16 casos por 100 000 habitantes

32. Cal das seguintes afirmacións forma parte das funcións da Comisión de Infección Hospitalaria e Política Antibiótica dos hospitais de Galicia?

- A) Coñecer, avaliar e emitir informes sobre os protocolos de profilaxes antimicrobiana que se van a utilizar no hospital
- B) Coñecer e avaliar a información periódica emanada do sistema de vixilancia
- C) Coñecer, avaliar e emitir informe sobre os ensaios clínicos propostos ao hospital con medicamentos antiinfecciosos e vacinas
- D) Todas as respostas son correctas

33. En canto á prevención da infección da ferida cirúrxica, cal das seguintes é FALSA?

- A) Os pacientes deben ducharse ou bañarse (corpo completo) con xabón (antimicrobiano ou non antimicrobiano) ou un axente antiséptico polo menos a noite antes do día da intervención
- B) A preparación da pel na sala de operacións débese realizar usando un axente de base alcohólica a menos que estea contraindicado
- C) A profilaxe antimicrobiana debe administrarse garantindo unha concentración bactericida dos axentes en soro e nos tecidos no momento de realizar a incisión
- D) Nos procedementos de cesárea, a profilaxe antimicrobiana deben administrarse despois da incisión da pel

34. No paciente adulto con transplante de órgano sólido, a vacina da hepatite A:

- A) Considérase prioritaria no paciente susceptible con transplante hepático
- B) Recoméndase a valoración postvacinal da inmunidade fronte á hepatite A
- C) Se o paciente é susceptible á hepatite A e B, recoméndase a administración da vacina combinada de hepatite A+B
- D) Todas as respostas son correctas

35. Cal dos seguintes é un grupo de alto risco de desenvolver enfermidade tuberculosa?

- A) Persoas con infección por VIH
- B) Pacientes que reciben terapias anti-TNF (factor de necrose tumoral)
- C) Pacientes con diabetes mellitus insulino-dependente
- D) As opcións A e B son correctas

36. Nun contraste de hipóteses:

- A) No caso dun valor significativo o que realmente lle importa ao investigador é a magnitude do efecto
- B) O importante é determinar o valor P
- C) O intervalo de confianza dará información para a súa interpretación
- D) A e C son correctas

37. Preténdese avaliar a eficacia do tratamento con administración de ferro en pacientes con anemia ferropénica crónica. Para iso deséñase un ensaio clínico cruzado, ademais do efecto terapéutico, cal dos seguintes efectos pódense dar?:

- A) Efecto antiperiodo
- B) Efecto secuencia
- C) Efecto control
- D) A e B son certas

38. Queremos validar un cuestionario que permita identificar aos pacientes de alto risco de padecer enfermidades autoinmunes. Que deberíamos aplicar para coñecer a súa fiabilidade?:

- A) Validez de constructo
- B) Consistencia interna coa alfa de Cronbach
- C) Fiabilidade co test de Wilcoxon
- D) Exactitude co método Delphi

39. A potencia dunha proba de hipótese depende de:

- A) O nivel de significación alfa (α), de xeito que ao aumentar alfa (α) diminúe a potencia
- B) O tamaño da mostra, de xeito que para un maior tamaño da mostra, menor potencia
- C) Do tamaño do efecto, de xeito que cando este aumenta para un mesmo nivel de significación e tamaño da mostra, a potencia tamén aumenta
- D) A e C son certas

40. Cal é o tempo mínimo necesario para que a fricción de mans con preparados de base alcohólica elimine os xermes das mans?

- A) Cinco minutos
- B) Vinte segundos
- C) Tres segundos
- D) Un minuto

41. Nos últimos 5 anos, a cobertura vacinal da gripe en persoas de 65 ou máis anos en Galicia:

- A) É menor do 30%
- B) Está entre o 30% e o 50%
- C) Está entre o 50% e o 65%
- D) É superior ao 65%

42. Acoden ó Servizo de Urgencias 6 pacientes que veñen da China e presentan sintomatoloxía compatible cunha infección respiratoria. Adoitase que o periodo de incubación para cada un deles despois da exposición nun mesmo transporte nun autobus foi de:

- Caso 1. 5 días
- Caso 2. 4 días
- Caso 3. 6 días
- Caso 4. 2 días
- Caso 5. 2 días
- Caso 6. 3 días

Cal das seguintes afirmacións é certa?

- A) O percentil 25 do periodo de incubación foi de 3 días
- B) O percentil 75 do periodo de incubación foi de 4 días
- C) A mediana do periodo de incubación foi de 3,5 días
- D) A media do periodo de incubación foi de 3,5 días

43. Para avaliar a calidade científica do deseño dos estudos de Cohortes recoméndase utilizar:

- A) Escala de MAASTRICH
- B) Single-Case Experimental Design Scale (SCED)
- C) Lista da declaración de STROBE
- D) Escala Bizzini

44. Na metodoloxía para a investigación dun brote epidémico ha de terse en conta que:

- A) Trátase dun problema que require resposta inmediata (a adopción de medidas de control)
- B) A duración da investigación adoita estar limitada pola necesidade de intervir canto antes
- C) A investigación susténtase en fontes de datos moi diversas, non sempre contrastables, que van cambiando día a día, ou mesmo en horas, ao longo da investigación
- D) Todas as respostas son correctas

45. Que vacina debe administrarse obrigatoriamente a unha persoa que reside en España e vai peregrinar á Meca este ano, por esixencia do país de destino?

- A) Vacina antimeningocócica B
- B) Vacina antimeningocócica tetravalente (A, C W, Y)
- C) Vacina de febre amarela
- D) Vacina da polio

46. Para avaliar a eficacia dun fármaco antihipertensivo decídese utilizar como criterio de avaliación a porcentaxe de suxeitos "ben controlados" en lugar de utilizar as cifras de presión arterial diastólica. Podería afectar dalgún modo este criterio de avaliación si queremos determinar cal é o número necesario de suxeitos a incluír no estudo?:

- A) Diminuiría o número de suxeitos necesarios
- B) Non afectaría ao cálculo do tamaño necesario de suxeitos
- C) Aumentaría o número de suxeitos necesarios
- D) Calquera das anteriores é posible

47. Nun estudo con seguimento completo de 30 pacientes ao longo de 5 anos atopamos que dos 10 pacientes que teñen baixo estado nutricional, 5 presentan leucemia. Dos 20 pacientes que teñen un estado nutricional normal, 5 teñen leucemia. Que poderíamos afirmar con estes resultados?

- A) Trátase dun estudo de casos e controis
- B) Trátase dun estudo de cohortes
- C) A razón da incidencia acumulada de leucemia é 0,5
- D) B e C son certas

48. A recomendación de vacinación para o viaxeiro depende de:

- A) As características do viaxeiro
- B) As características da viaxe
- C) O tempo dispoñible ata a partida
- D) Todas as anteriores

49. Dentro da fisiopatoloxía da pneumonía asociada a ventilación mecánica (NAV) é certo que:

- A) A vía patoxénica aspirativa é a principal ruta de orixe da NAV
- B) A inoculación directa (vía inhalatoria) prodúcese pola contaminación dos circuitos do ventilador ou ben das solucións nebulizadas
- C) Un posible mecanismo de infección pode producirse desde un foco infeccioso extrapulmonar (vía hematóxena)
- D) Todas as respostas son correctas

50. Cal dos seguintes procedementos elixiría para construír indicadores na vixilancia e control da infección de localización cirúrxica?

- A) Prótese de cadeira
- B) Cirurxía de colon
- C) Prótese de xeonllo
- D) Todas as respostas son correctas

51. Sinale as precaucións de illamento que se recomendan nun paciente ingresado no hospital con Meninxite meningocócica:

- A) Precaucións de contacto mentres dure a enfermidade
- B) Precaucións de transmisión por gotas ata transcorridas 24 horas desde o inicio do tratamento antibiótico
- C) Precaucións de transmisión aérea durante 9 días desde o inicio da enfermidade
- D) Precaucións de contacto mentres dure a hospitalización

52. Respecto da curva epidémica, cal das seguintes respostas é FALSA?

- A) Debe confeccionarse o máis tarde posible para poder incorporar a todos os casos
- B) A súa forma varía segundo a etoloxía, o mecanismo de transmisión e a duración da exposición
- C) É un gráfico da distribución dos casos segundo o momento no que empezaron a manifestar síntomas
- D) O exame da curva facilita unha impresión xeral sobre o tipo de brote

53. Na aplicación das precaucións estándar nos centros sanitarios, sinale cal é FALSA:

- A) Son de aplicación para a atención de tódolos pacientes, calquera que sexa o seu diagnóstico ou estado de infección
- B) Están deseñadas para a protección dos pacientes e do persoal en contacto con riscos infecciosos
- C) Son de aplicación soamente para a atención de determinados pacientes con sospeita ou confirmación de enfermidade infecciosa
- D) Teñen como obxectivo reducir o risco de transmisión de microorganismos procedentes de fontes de infección coñecidas ou descoñecidas

54. Nun paciente de 50 anos, esplenectomizado hai un mes, sen vacinación antipneumocócica previa:

- A) A vacinación antipneumocócica non está indicada ata os 65 anos
- B) Preferentemente administrárase en primeiro lugar a vacina antipneumocócica conxugada 13 valente e esperárase 1 ano para administrar a vacina polisacárida 23 valente
- C) Preferentemente administrárase en primeiro lugar a vacina antipneumocócica polisacárida 23 valente e esperárase 1 ano para administrar a vacina conxugada 13 valente
- D) Preferentemente administrárase en primeiro lugar a vacina antineumocócica conxugada 13 valente e esperáranse 8 semanas para administrar a vacina polisacárida 23 valente

55. En canto ao estudo dun brote de toxiinfección alimentaria no que enfermaron 48 persoas das 81 que asistiron á cea implicada, podemos afirmar que

- A) O risco relativo da enfermidade é do 1,7
- B) A taxa de ataque é do 59,3%
- C) A prevalencia da enfermidade é do 59,3%
- D) A taxa de ataque é do 68,8%

56. O nesgo que adoita ocorrer cando se utilizan casos prevalentes e non casos incidentes nun estudo de casos e controis denomínase:

- A) Nesgo de Berkson
- B) Nesgo de Neyman
- C) Nesgo de Hawthorne
- D) Todas son certas

57. Segundo o Programa Galego de Vacinación Infantil vixente, nun neno nacido en 2017, de nai con antíxeno Australia (HbsAg) negativo, a pauta de vacinación da hepatite B é:

- A) 4 doses: ao nacemento, aos 2, 4 e 6 meses
- B) 4 doses: ao nacemento, aos 2, 4 e 11 meses
- C) 3 doses: aos 2, 4 e 6 meses
- D) 3 doses: aos 2, 4 e 11 meses

58. Dispoñemos da información rexistrada correspondente a 3 anos sobre as actividades de vacinación de pacientes inmunodeprimidos con tratamento con terapia biolóxica no Servizo de Medicina Preventiva. Necesitamos coñecer os pacientes que completaron as pautas de vacinación indicadas. Que tipo de deseño de estudo sería o máis eficiente?:

- A) Un estudo de cohortes prospectivo con 6 anos de seguemento
- B) Un estudo transversal
- C) Un ensaio comunitario
- D) Un estudo con deseño experimental

59. Todas as seguintes estratexias permiten aumentar a calidade das medicións pero só unha delas afecta de xeito exclusivo á precisión:

- A) Obter varias medicións dunha variable
- B) Formación dos observadores
- C) Utilizar instrumentos automáticos
- D) Técnicas de cego

60. Cal dos seguintes NON é un indicador de resultado para un sistema de vixilancia das infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria?

- A) Número total de casos novos de infección por microorganismo vixiado no período de estudo*100/ número de pacientes ingresados
- B) Número de pacientes que reciben profilaxe inadecuada por duración no período de estudo*100/ todos os pacientes que reciben profilaxe inadecuada
- C) Número de bacteriemias secundarias a outra infección (BS) novas detectadas no período de estudo*1000/ total de estadias individuais na unidade no período de estudo
- D) Número de pneumonías novas detectadas no período de estudo*100/ número de pacientes con ventilación mecánica na unidade no período de estudo

61. A resistencia dos microorganismos aos procesos de esterilización está en función de numerosos factores, cal dos seguintes é necesario ter en conta?

- A) A composición da parede celular dos microorganismos que regula a penetrabilidade dos axentes desinfectantes e esterilizantes
- B) Presenza de materia orgánica
- C) Temperatura e tempo de exposición ao axente esterilizante
- D) Todos eles son factores a ter en conta

62. Nun área xeográfica con baixa prevalencia de lepra queremos determinar si existe asociación entre o consumo de complementos vitamínicos e a aparición de lepra nos habitantes de 60–70 anos. Cal destes deseños sería máis apropiado?

- A) Estudo de cohortes
- B) Estudo de casos e controis
- C) Ensaio experimental
- D) Estudo ecolóxico

63. Sinale a resposta correcta sobre a evolución das enfermidades infecciosas incluídas en programas de vacinación:

- A) A polio erradicouse en España
- B) A protección colectiva, ou inmunidade de grupo, é a que obtén unha persoa non vacinada ao interromperse a transmisión do axente infeccioso
- C) Calquera enfermidade para a que exista unha vacina pode ser erradicada
- D) Todas as vacinas proporcionan inmunidade de grupo

64. Cando na incidencia dos casos dunha enfermidade transmisible non se observa ningunha continuidade no tempo e no espazo, dicimos que a enfermidade preséntase de forma:

- A) Pandémica
- B) Endémica
- C) Epidémica
- D) Esporádica

65. Á cifra media dos casos secundarios xerados por un caso primario nunha poboación de susceptibles, denomínase:

- A) Taxa de ataque clínica
- B) Taxa de ataque serolóxica
- C) Número básico de reprodución (R_0)
- D) Taxa de letalidade

66. O período de tempo que debe transcorrer desde a aplicación dun praguicida ata a entrada na área tratada, chámasele:

- A) Período de actuación
- B) Tempo de exposición
- C) Prazo de seguridade
- D) Período de choque

67. Segundo a Rede Galega de Vixilancia en Saúde Pública, cal das seguintes enfermidades NON é de declaración urxente en atención especializada?

- A) Peste
- B) Toxoplasmosse conxénita
- C) Rabia
- D) Rubéola

68. Nun estudo de comparación das proporcións entre dous grupos independentes non observamos unha diferenza estatisticamente significativa nas porcentaxes de éxito dun tratamento. Que deberiamos ter en conta antes de chegar a unha conclusión definitiva?

- A) Igualaremos o tamaño das mostras en ambos grupos
- B) Asegurarémonos da axeitada potencia da proba para discriminar o éxito
- C) Aumentaremos o intervalo de confianza
- D) Analizaremos la RPP (Razón de probabilidade positiva) antes de chegar a unha conclusión

69. A Taxa de Ataque dunha enfermidade transmisíble é:

- A) A probabilidade de adquirir a enfermidade trala exposición
- B) A proporción de casos novos da enfermidade na poboación exposta durante un período de tempo
- C) O número de casos secundarios producido por cada caso primario nun determinado estadio da epidemia
- D) O número de casos producidos cando se estableceron as medidas de control

70. Segundo o protocolo do Estudo de Prevalencia das Infeccións Nosocomiais en España 2016 (Estudo EPINE-EPPS 2016), cal das seguintes é FALSA?

- A) Entre os obxectivos do estudo atópase determinar a carga total (prevalencia) de infeccións nosocomiais e de uso de antimicrobianos en cada un dos hospitais participantes, así como no conxunto dos hospitais de España, nos países de Europa, e na Unión Europea
- B) Poden ser incluídos no estudo todos os hospitais de agudos de España que de forma voluntaria desexen participar, formen parte ou non doutras redes, e tanto se dependen de institucións públicas como privadas
- C) Para participar no estudo fixouse un tamaño mínimo do hospital
- D) Os pacientes sometidos a observación, tratamento ou cirurxía sen ingreso convencional serán excluídos

71. Sinale a resposta correcta sobre a vacina de Tétano/difteria no adulto:

- A) Considérase vacinación completa no adulto cando se alcanzan 5 doses
- B) Se unha persoa foi vacinada correctamente na infancia non debe recibir doses de recordo
- C) Está contraindicada no embarazo
- D) As respostas A e B son correctas

72. O tratamento de elección da infección tuberculosa nunha persoa adulta con infección por VIH é:

- A) 450 mg/día de isoniacida durante 6 meses
- B) 300 mg/día de isoniacida durante 9 meses
- C) 600 mg/día de rifampicina durante 6 meses
- D) 600 mg/día de rifampicina durante 9 meses

73. Cal dos seguintes é un indicador de proceso para un sistema de vixilancia das infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria?

- A) Número de pacientes que reciben profilaxe antibiótica no periodo de estudo*100/ número de pacientes intervidos no periodo de estudo
- B) Número de infeccións do tracto urinario (ITUs) novas detectadas no periodo de estudo*100/ número de pacientes sondados na unidade no periodo de estudo
- C) Total de días con catéter venoso central (CVC)/ total de estadía na unidade no periodo de estudo
- D) Total de días con ventilación mecánica (VM)/ total de estadía en Unidade Coidados Intensivos (UCI)

74. No deseño de estudos epidemiolóxicos non experimentais, que método/s utilizaría para previr a confusión?:

- A) Randomización, restricción e apareamento
- B) Restricción e apareamento
- C) Randomización e apareamento
- D) Apareamento

75. Acerca do procedemento de esterilización por calor húmida ou vapor, sinala a resposta FALSA:

- A) É adecuado para aqueles instrumentos que son capaces de resistir as condicións de presión, temperatura e humidade que o vapor require para actuar
- B) É seguro, non tóxico
- C) É apropiado para utilizar en materiais termosensibles
- D) O tempo de procesamento é relativamente curto (entre 25 e 60 minutos)

76. Un neno de 12 anos recibe unha transfusión sanguínea por un accidente de tráfico, antes de recibir a vacina antimeningocócica C. Cal é o intervalo recomendado entre a transfusión e a administración da vacina?

- A) 3 meses
- B) 6 meses
- C) 9 meses
- D) Non é necesario esperar ningún intervalo de tempo

77. Nun estudo os autores recuperaron mostras de cerumen de 3800 suxeitos entre 35 e 54 anos de idade de diferentes poboacións (35 países) e determinaron as concentracións promedio de exposición a DDT. A concentración promedio de DDT nestes suxeitos foi utilizada para caracterizar a exposición promedio de cada país ao DDT e posteriormente correlacionaron esta exposición promedio de DDT coa taxa de mortalidad por cancro dos países incluídos no estudo. A que tipo de estudo epidemiolóxico corresponde?:

- A) Estudo de conglomerados
- B) Estudo de cohortes
- C) Estudo de casos e controis
- D) Ensaio clínico aleatorizado

78. Respecto da vacinación de pacientes adultos sometidos a transplante de órgano sólido, sinala a alternativa FALSA:

- A) A vacinación fronte a Haemophilus influenzae tipo B está especialmente recomendada no transplante pulmonar
- B) O ideal é iniciar a vacinación tras o transplante, non antes, unha vez asegúrase a recuperación do sistema inmune
- C) Recoméndase estudo serolóxico previo ao transplante, para coñecer a protección fronte a: Hepatite B, Hepatite A, Varicela e Sarampelo
- D) Non se recomendan as vacinas atenuadas no período post-transplante

79. Entre as medidas básicas de obrigado cumprimento na prevención da pneumonía asociada a ventilación mecánica atópanse:

- A) Control e mantemento da presión do neumotaponamento por encima de 20 cm H₂O
- B) Hixiene bucal cada 6–8 horas utilizando clorhexidina (0,12–0,2%)
- C) Evitar, sempre que sexa posible, a posición de decúbito supino a 0°
- D) Todas as respostas son correctas

80. No Sistema Básico da Rede Galega de Vixilancia en Saúde Pública, cal das seguintes enfermidades é de declaración urxente en atención especializada?

- A) Sarampelo
- B) Lepra
- C) Paludismo
- D) Tétano

81. Entre os seguintes produtos, cal elixiría para a desinfección de superficies no hospital?

- A) Glutaraldehído, ao 2 por cento
- B) Ácido peracético ao 2 por cento
- C) Hipoclorito sódico 1000 ppm
- D) Clorhexidina acuosa ao 2 por cento

82. O coeficiente de correlación de Pearson:

- A) Obtense multiplicando a covarianza polas desviacións estándar das variables
- B) Relaciónase coa pendente da recta de regresión
- C) Chámase tamén coeficiente de determinación
- D) Todas son certas

83. Nunha análise dun estudo experimental que se leva a cabo para avaliar a eficacia do ibuprofeno atopámonos que hai suxeitos que non recibiron a intervención asignada e outros que parece que "poden ter cambiado de grupo". Cal sería a estratexia máis correcta para realizar a análise?:

- A) Analizar soamente aos pacientes que cumpriron coa intervención
- B) Realizar unha análise por intención de tratar
- C) Análise de subgrupos
- D) Consideralos coma se foran casos perdidos

84. En relación aos estudos de validez e fiabilidade dunha proba diagnóstica, sinale a FALSA:

- A) Dependen da prevalencia da enfermidade nunha poboación
- B) Unha mesma proba diagnóstica utilizada nunha poboación cunha maior prevalencia da enfermidade, terá un valor predictivo positivo (VPP) máis alto
- C) O valor predictivo negativo (VPN) é a probabilidade de que o paciente con resultado negativo da proba non teña a enfermidade
- D) A seguridade dunha proba está determinada pola súa sensibilidade e pola súa especificidade

85. A clasificación de Spaulding considera como material non crítico:

- A) Material que só entra en contacto con pel intacta
- B) Material que entra en contacto con mucosas ou pel non intacta
- C) Material que rompe a barreira cutáneo-mucosa
- D) Material que entra en contacto con tecidos estériles

86. Na vixilancia do estado de portador de bacterias multirresistentes, das seguintes mostras clínicas, cal ten máis utilidade para detectar posibles portadores de enterobacterias produtoras de carbapenemas?:

- A) Frotis rectal
- B) Frotis nasal
- C) Frotis farínxeo
- D) Esputo espontáneo

87. A efectos do establecido no Real Decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexielose (Texto consolidado: Última modificación: 14 xullo de 2010) cal das seguintes instalacións NON se clasifica como de maior probabilidade de proliferación e dispersión de Legionella?

- A) Torres de refrixeración e condensadores evaporativos
- B) Sistemas de auga quente sanitaria con acumulador e circuíto de retorno
- C) Humectadores
- D) Sistemas de auga climatizada con axitación constante e recirculación a través de chorros de alta velocidade ou a inxección de aire (spas, jakuzzis, piscinas, vasos ou bañeiras terapéuticas, bañeiras de hidromasaxe, tratamentos con chorros a presión, outras)

88. Desexamos coñecer si é verosímil a hipótese de que nunha mostra de 24 persoas de 17 anos de idade, na que atopamos 12 fumadores, procede dunha poboación cun 60% de fumadores, para o que aplicaremos:

- A) Probas de verificación de Tindel
- B) Probas de conformidade
- C) Test de Olmogorov
- D) Probas de independencia

89. Segundo o "Protocolo de vixilancia e control da enfermidade meningocócica invasora" de Galicia defínense como contactos estreitos ás persoas que, nos 10 días que precederon á hospitalización do caso, cumpren con algunha das seguintes características:

- A) Persoas que conviven no domicilio do enfermo ou persoas que durman con el na mesma habitación; así como calquera persoa claramente exposta ás secrecións orais deste, como ocorre na respiración boca a boca, nos bicos íntimos, etc
- B) En garderías e escolas infantís, estenderase o concepto a todos os nenos e coidadores que comparten espazo e actividades, mesmo se a relación co enfermo non é de gran proximidade
- C) En xeral, considerar contactos estreitos a todos os compañeiros que comparten a mesma aula en centros de educación primaria e secundaria
- D) As respostas A e B son correctas

90. Un matrimonio de inmigrantes marroquís viaxará a unha zona rural de Marrocos para unha visita familiar ao mes seguinte de acudir á consulta. Teñen un fillo de 20 meses, cun calendario de vacinación infantil correcto para a súa idade. Que vacinas habería que recomendar ao neno para a viaxe?

- A) Vacina antimeningocócica tetravalente
- B) Vacina de febre tifoide
- C) Vacina de hepatite A
- D) As respostas B e C son correctas

91. Segundo o Real Decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da legioneloses (Texto consolidado: Última modificación: 14 xullo de 2010) cal das seguintes é FALSA en canto ás medidas preventivas específicas das torres de refrixeración e sistemas análogos?

- A) Estarán situados de maneira que se reduza ao mínimo o risco de exposición das persoas aos aerosois. A este efecto deberanse situar en lugares afastados tanto das persoas como das tomas de aire acondicionado ou de ventilación
- B) Utilizaranse materiais que dificultan o desenvolvemento de bacterias e fungos, como fibrocemento e formigón
- C) O deseño do sistema deberá facerse de maneira que todos os equipos e aparellos sexan facilmente accesibles para a súa inspección, limpeza, desinfección e toma de mostras
- D) Deberán dispoñer de sistemas de dosificación en continuo do biocida

92. En cal das seguintes circunstancias é preferible realizar a hixiene de mans con auga e xabón no canto de facelo cun antiséptico a base de alcohol?

- A) Cando estean visiblemente sucias ou manchadas con fluídos corporais
- B) Despois de usar o inodoro
- C) Cando se sospeite ou se teña constancia de estar exposto a *Clostridium difficile*
- D) En todas elas

93. Nunha persoa con infección por VIH, que vai viaxar a Angola, está indicada a vacina da febre amarela?

- A) Está indicada en persoas con infección por VIH que viaxen a zonas de risco elevado, se o recuento de CD4 é superior a 200 células/mm³
- B) Está indicada en persoas con infección por VIH que viaxen a zonas de risco elevado, independentemente do recuento de CD4
- C) Está contraindicada en todos os pacientes con infección por VIH
- D) A vacina de febre amarela non está recomendada para viaxar a Angola

94. Cal das seguintes sobre Esterilización é FALSA?

- A) Un produto considérase estéril cando existe unha probabilidade igual ou menor a unha entre un millón de que conteña microorganismos viables
- B) Sempre que se desexe realizar un proceso de esterilización debe realizarse primeiro unha correcta limpeza do produto
- C) A dose de esterilización que se require depende da carga microbiana inicial que presenten os produtos a esterilizar
- D) Os virus grandes con envolta lipídica son os microorganismos máis resistentes aos procesos de esterilización e os priones son os máis sensibles

95. Segundo o "Protocolo de vixilancia e control da enfermidade meningocócica invasora" de Galicia cara á vixilancia, considerárase caso confirmado de enfermidade meningocócica:

- A) Cando en sitios normalmente estériles se ille Neisseria meningitidis, se atope ADN de meningococo ou se visualicen diplococos gram negativos
- B) A presenza de antíxeno de meningococo en sangue, líquido cefalorraquídeo ou ouriños
- C) Todas as sospeitas nas que non se confirmou ningún outro axente etiolóxico
- D) As respostas A e B son correctas

96. Cal dos seguintes é o que mellor permite comparar a dispersión relativa das distribucións "niveis de ácido úrico" e "Índice de Masa Corporal" nunha poboación de pacientes maiores de 62 anos con artrite reumatoide?:

- A) Error estándar da media
- B) Desviación estándar
- C) Coeficiente de variación
- D) Coeficiente de regresión de Spearman

97. Sinale a resposta correcta sobre a vacina intranasal da gripe:

- A) É unha vacina trivalente inactivada
- B) É unha vacina tetraivalente inactivada
- C) É unha vacina trivalente de virus vivos atenuados
- D) É unha vacina tetraivalente de virus vivos atenuados

98. Ao intervalo de tempo transcorrido entre a exposición inicial ao axente infeccioso e a aparición do primeiro signo ou síntoma da enfermidade, denomínase:

- A) Período de incubación
- B) Período de transmisibilidade
- C) Período de latencia
- D) Tempo de xeración

99. Nas persoas con infección por VIH sen inmunidade fronte á hepatite A, en que situación se recomenda a vacinación?

- A) Homes que teñen sexo con homes
- B) Persoas que se inxectan drogas
- C) Persoas con enfermidade hepática crónica
- D) Todas as respostas son correctas

100. Para comparar as notas medias dos alumnos de epidemioloxía dos anos 2016 e 2017, comprobouse que no se cumpren os supostos de normalidade e homoxeneidade das varianzas. Que proba utilizarías?:

- A) Proba t de Student
- B) Proba F de Fisher
- C) Proba U de Mann-Whitney
- D) Calquera das anteriores

Preguntas de reserva

1. Respecto á mediana, sinala a correcta:

- A) Non se ve afectada polos valores extremos
- B) Se un dato é cero, considerárase excluído
- C) Coincide co rango intercuartílico
- D) Todas son certas

2. Sinala as precaucións de illamento que se recomiendan nun neno ingresado no hospital con Epiglotite por Haemophilus influenzae tipo b:

- A) Precaucións de contacto mentres dure a enfermidade
- B) Precaucións de transmisión por gotas ata transcorridas 24 horas desde o inicio do tratamento antibiótico
- C) Precaucións de transmisión aérea durante 9 días desde o inicio da enfermidade
- D) Precaucións de contacto mentres dure a hospitalización

3. A vacina tripla vírica está indicada nunha persoa adulta con infección por VIH, sen inmunidade fronte ao sarampelo?

- A) Está contraindicada en todos os pacientes con infección por VIH
- B) Está indicada en persoas con infección por VIH sen inmunidade fronte ao sarampelo, con reconto de CD4 superior a 200 células/mm³
- C) Está indicada en persoas con infección por VIH sen inmunidade fronte ao sarampelo, independentemente do reconto de CD4
- D) Todas as respostas son correctas

4. Un desinfectante é:

- A) Un axente que se aplica sobre un material e destrúe os microorganismos por medios físicos ou químicos
- B) Un produto que se aplica sobre tecidos vivos para destruír, inhibir ou reducir o número de microorganismos patóxenos sen afectar sensiblemente aos tecidos
- C) Unha sustancia química de poder surfactante con capacidade para emulsionar aceites e arrastrar a sucidade adherida á superficie dos obxectos inanimados ou aos tecidos vivos
- D) Un proceso mecánico a través do cal elimínase por arrastre a sucidade visible e a materia orgánica ou inorgánica adherida a unha superficie ou obxecto

5. Nun estudio que se realiza sobre 30 pacientes con seguimento durante 5 anos, atópase que dos 10 pacientes que teñen baixo estado nutricional, 5 presentan leucemia. Dos 20 pacientes con estado nutricional normal, 5 presentan leucemia. Que poderíamos dicir á vista destes resultados?

- A) Trátase dun estudo experimental
- B) Trátase dun estudo de casos–controis
- C) A diferenza da incidencia acumulada de leucemia é 0,25
- D) A e C son certas

6. Entre os obxectivos do Sistema de Vixilancia da Infección Nosocomial de Galicia atópanse:

- A) Coñecer os niveis endémicos de infección nosocomial
- B) Detectar os brotes nosocomiais
- C) Avaliar as medidas de prevención e control
- D) Todas as respostas son correctas

7. As reaccións adversas ás vacinas máis frecuentes son de tipo:

- A) Reaccións sistémicas
- B) Reaccións locais
- C) Reaccións alérxicas
- D) As reaccións adversas con vacinas son moi raras

8. Cal dos seguintes NON é un desinfectante de alto nivel?

- A) Amonio cuaternario
- B) Ácido peracético
- C) Glutaraldehído
- D) Peróxido de hidróxeno

9. Sinale a resposta correcta con respecto á vacina de febre amarela:

- A) Unha dose de vacina é válida para toda a vida
- B) Unha dose é válida para 10 anos
- C) Deben vacinarse os nenos menores de 6 meses
- D) Está recomendada no embarazo

10. Cal dos seguintes produtos recomendaría como repelente de insectos, para aplicar sobre a pel exposta, aos viaxeiros internacionais adultos?

- A) Dietiltoluamida (DEET)
- B) Tetraetilpirofosfato (TEPP)
- C) Hexaclorocicloexano (HCH)
- D) Diclorodifeniltricloroetano (DDT)